

Saúda Deputación

É para min un pracer e un orgullo, como presidenta da Deputación de Pontevedra, saudar a todas as veciñas e veciños da parroquia de Cela e de toda a vila de Bueu nunha nova celebración da Festa do Tinta Femia, canto máis cando levaba sen celebrarse desde o ano 2009.

Gustaríame resaltar, en primeiro lugar, a condición de femia do viño, único en Galicia, ao que se lle dedica este día tan célebre. Como ven, as mulleres destacamos en todos os ámbitos da vida social, cultural, política... e mesmo nun produto ao que tantas veciñas e veciños da nosa provincia dedican as súas vidas. Por esta razón, as institucións públicas temos que apostar pola igualdade para acadar unha situación na que as nosas veciñas teñan as mesmas condicións en todos os eidos e tamén, por que non, para poñer en valor a tinta femia, que non ten nada que envexar aos seus homólogos masculinos.

Nesta provincia contamos cunha infinidade de produtos gastronómicos dos que gozar con delicia e orgullo, e que supoñen, ademais, un grande incentivo económico para as nosas aldeas e vilas. Non cabe dúbida de que a producción de tinta femia é moi importante para a sociedade de Bueu e especialmente para a da parroquia de Cela e, polo tanto, desde esta Deputación, consideramos que é fundamental impulsala para poñela en valor e dala a coñecer máis aló desta vila. A min, persoalmente, gústame poder presumir da excelencia da nosa provincia e da nosa gastronomía, e penso que a celebración desta festa, así como a loita pola creación da Indicación Xeográfica Protexida "Viños de Pontevedra e O Morrazo", son pasos ineludibles para que a fama do tinta femia medre e a súa comercialización se espalle alén dos furanchos bueueses. Non podemos deixar que tantas persoas queden sen probar esta variedade tan exquisita.

Para rematar gustaríame sinalar a ampla porcentaxe de aprobación das producións de tinta femia presentadas para a súa participación nesta festa, o que amosa que a calidade desta variedade é excelente e supón unha razón máis, se é que fose precisa, para apoialo e dalo a coñecer a toda a ciudadanía.

Agardo que toda a veciñanza de Bueu goce moito deste festexo, que contará co humorista gráfico Luis Davila como pregoeiro, e agradézolle ademais a todo o persoal organizador a súa recuperación e todo o seu traballo e esforzos por sacala adiante. Entre todas e todos temos que conseguir que o tinta femia siga a ser celebrado e, sobre todo, degustado por cantos más padais mellor.